



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
Dirección Xeral de Innovación e  
Desenvolvemento Pesqueiro



CEIDA  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA



*Expuxo esta mañá no CEIDA Fátima Linares, Directora Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia*

## **“O noso obxectivo final é facer ós cidadáns máis responsables no uso do mar e os seus recursos”**

- NO MARCO DA PRESENTACIÓN DA EXPOSICIÓN *A NATUREZA MARIÑA GALEGA*

***Oleiros, 2 de abril de 2008.***- “O departamento que eu dirixo persegue fundamentalmente facer ós cidadáns máis responsables no uso do mar e os seus recursos”. Xa que logo, Fátima Linares, Directora Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia, recalcou, no marco da presentación da exposición a *Natureza Mariña Galega* esta mañá no Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), que “unha das principais funcións da Consellería de Pesca é dar a coñecer o mar e a actividade pesqueira á sociedade galega”.

Asemade, Linares recordou a colaboración que vén mantendo a súa dirección xeral co CEIDA en canto ó mantemento dos fondos bibliográficos do Centro de Documentación Domingo Quiroga, con ubicación neste último, e o boletín *Amares*, editado por este centro, que ofrece recursos informativos sobre o medio mariño, e é froito dun convenio de colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Finalmente, a directora xeral aludiu “á importancia de realizar exposicións de compoñentes tan descoñecidos como esta para crear conciencia ambiental”.

Precisamente á falta de conciencia tamén se referiu Juan Ignacio Díaz Dasilva, coordinador do Museo da Natureza da Sociedade Galega de Historia Natural, e productora esta última da exposición, xa que explicou que teñen recollido do mar tartarugas asfixiadas con bolsas de plástico, e que están traballando na procura dun anzol apropiado para que esta especie non quede enmallada.

Finalmente, Carlos Vales, director do CEIDA, recopilou algunhas das actividades que está desenvolvendo o centro que dirixe no ámbito mariño, como o proxecto SEREA, que pretende impulsar un modelo de reestructuración socioeconómica, económica e laboral no sector pesqueiro galego de baixura; a elaboración dun catálogo de fondos mariños galegos onde se ilustrarán vintecinco coleccións de diferentes especies; e a consecución de que esta exposición se convirta en itinerante, actividades estas dúas levadas a cabo en colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Sociedade Galega de Historia Natural.

Un saúdo,  
Área de Comunicación do CEIDA